Os días do cometa

Manolo López Poy / Miguel Fernández



demo editorial



OS DÍAS DO COMETA
Manolo López Poy / Miguel Fernández

EDITOR: Manel Cráneo
REVISIÓN DE TEXTOS: Henrique Torreiro
DESEÑO E MAQUETACIÓN: Demo Editorial
IMPRESIÓN: Lugami
PRODUCIÓN AUDIOVISUAL: Bad Music Blues
Tráiler do álbum: youtube.com/demoeditorial

© Polo guión, Manolo López Poy, 2013
© Polos debuxos, Miguel Fernández, 2013
© Pola presente edición, Demo Editorial, 2013

Primeira edición: marzo de 2013

DEMO EDITORIAL
Rúa Gramela, 23, baixo dereita
15010 A Coruña (Galicia/Spain)
demoeditorial.blogspot.com
demo.editorial@gmail.com

ISBN: 978-84-940349-4-7
Depósito legal: C 364-2013

Ningunha parte deste libro pode ser reproducida, almacenada ou transmitida por sistema mecánico ou electrónico ningún sen previa autorización do editor, salvo no caso de extractos para uso informativo en medios de comunicación.


PERO QUE CARALLO CHE PASA HOXE?
ARRASTRO E BOTAS UN TRES.
ESTÁS APAPOSTIADO DE TODO!
TERÁ A CABEZA NOUTRAS COUSAS.
DESDE QUE SE FIXO "DON IMPORTANTE" TEN MOITAS PREOCUPACIÓNS.
DEIXÁDEO, FODER.
MOITO VOS GUSTA TOCARLLE OS COLLÓNS Á XENTE!
SÓ A QUEN OS TEN. XA VES QUE A TI SEMPRE TE DEIXO TRANQUILO...


VAI TOMAR POLO CU. SEMPRE SERÁS O MESMO CABRÓN.
E TI O MESMO MERDÁN CARADECONA
VEÑA, DEIXADE DE DISCUTIR...
MIRADE, TRÓUXENVOS UN REGALO.
A TI VAICHE FACER GRAZA. MIRA O QUE ATOPEI O OUTRO DÍA.
HOSTIA, QUE CARALLUDO! QUE PINTIÑAS!


POIS ATOPEINA O OUTRO DÍA NUNHA CAIXA CON COUSAS VELLAS.
NON SEI SE VOS ACORDADES, QUE A FIXERA MEU TÍO O DE BARCELONA UN VERÁN QUE VIÑERA DE VACACIÓNS. AÍNDA SAE NA FOTO O 1500 QUE TIÑA.
EU TAMÉN ME LEMBRO. FORA O ANO QUE O TEU TÍO VIÑERA CON AQUELA MULLER TAN GUAPA. CARALLO, PARECÍA UNHA ACTRIZ DE CINE.
FODER, QUE CRIATURAS ERAMOS!
AÍNDA ME ACORDO DEL. O PRIMEIRO QUE VIN NA MIÑA VIDA. QUE COCHAZO. CAGONDIÓS!
POIS TI TAMPOUCO MEDRACHES TANTO... E AÍNDA SEGUES SOÑANDO COAS MULLERES DOS DEMAIS.
CAGO NA CONA, E TI SEGUES IGUAL DE FALTÓN.
QUEREDES DEIXAR DE DISCUTIR COMA DOUS NENOS PEQUENOS?!
AO MELLOR NON SON O ÚNICO QUE SE FIXA NAS MULLERES DOS OUTROS...
QUE QUERES DICIR CON ISO? EH? QUE QUERES DICIR?


CAGO NA PUTA! QUERES QUE CHE PARTA A CARA? EH?! QUERES QUE CHA PARTA?
EU SÓ DIGO O QUE DIGO.
AO MELLOR PENSA O LADRÓN...
BEN, XA ESTÁ! XA ME TEDES ATA OS COLLÓNS.
ESTADES TOLOS, OU QUE CARALLO VOS PASA? VEÑA, A TOMAR POLO CU. POR HOXE ACABOUSE.
SI, EU TAMÉN ME VOU.
FODER, QUEN NOS VIU E QUEN NOS VE!


VEÑA, VAMOS, QUE TE LEVO
DEIXA, VOU IR DANDO UN PASEO. TEÑO GANAS DE QUE ME DEA O AIRE, E DE PENSAR UN POUCO.
BRRR
MIRA QUE ES RARO, CARALLO! CO POSTO QUE TES, E ANDANDO DE NOITE POLOS CAMIÑOS COMO UN VAGABUNDO.
NON ESAXERES, ANDA, QUE SEMPRE FUCHES UN ESAXERADO. SÓ QUERO DESPEXARME UN POUCO ANTES DE IR PARA A CAMA.
AO MELLOR É QUE NON QUERES VIR PORQUE NON QUERES FALAR COMIGO.
FALAR DE QUE?
DE QUE HA SER? DO QUE CHE COMENTEI O OUTRO DÍA... O DA OBRA DO NOVO MATADOIRO.
XA CHE DIXEN QUE ELI AÍ NON PODO FACER NADA. ADEMAIS, HAI UN CONCURSO ABERTO PARA LICITAR...
CONCURSO?
QUE PASA?...
... QUE OS AMIGOS CHE TOCAMOS NUN SORTEO?


XA SABES QUE ELI NESTAS COUSAS NON TEÑO AMIGOS.
BAR MANOLO
Fanta
POIS, COMPAÑEIRO, ANDA CON OLLO... PORQUE HAI QUE TER AMIGOS ATA NO INFERNO.

"NOS DÍAS SANTOS DE PASCUA APARECEU NO CEO UN FENÓMENO SEMPRE FUNESTO E DE TRISTES PRESAXIOS."

LUÍS I O PIADOSO, REI DE AQUITANIA, ANO 837





"E A SÚA CHEGADA ESTENDEU O TEMOR Á FIN DOS TEMPOS".